Expediente núm.: 1681/2024
Convenio e Anexo a Resolución da Concesión
Procedemento: Subvencións Directas ou Nominativas
Interesado: Confraría pescadores Pedra da Oliveira

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILABOA E A CONFRARIA DE PESCADORES PEDRA DA OLIVEIRA, PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS E PRODUCTIVAS

En Vilaboa, a 22 novembro de 2024

REUNIDOS:

Dunha parte D. César Poza González, maior de idade , e con DNI núm. quen intervén en nome e representación, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vilaboa con CIF núm. P3605800F, ao abeiro das competencias que se lle confiren na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 7/1985 de 2 de abril e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

De outra parte, Dª María del Carmen Cortegoso Gómez, con DNI núm. , como patroa maior da Confraría de Pescadores "Pedra da Oliveira" con CIF núm. G36293272 e domicilio fiscal en Peirao, 49 - Santa Cristina de Cobres, entidade que traballa na promoción e defensa do sector pesqueiro

Asiste, Miguel Rodriguez de Vicente-Tutor, secretario da Corporación, aos únicos efectos de dar fe do acto.

Actúan ambos coa representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, recoñecéndose reciprocamente os asinantes do presente documento plena capacidade, de acordo coas seus respectivas representacións, para á firma do presente CONVENIO e de mutuo acordo

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Vilaboa trata de impulsar a competitividade dos bancos marisqueiros e de paliar as dificultades estruturais e económicas deste sector.

A confraría busca defender os intereses dos profesionais do sector pesqueiro. Tamén actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración, traballando na promoción do sector e na súa defensa.

SEGUNDO.- Que a Xunta de Goberno Local o día 24 de outubro de 2024 acordou conceder unha subvención nominativa á Confraría de Pescadores "Pedra da Oliveira"por importe de 10000 euros con cargo a partida 2024.4100.48000 do Orzamento do ano 2024 para cultivo de ameixa

TERCEIRO.- D. María del Carmen Cortegoso Gómez, en representación da Confraría de Pescadores "Pedra da Oliveira", presenta a seguinte documentación:

a) Certificado da Xunta Xeral da Confraría de que autoriza a Patroa Maior para asinar o presente convenio e da aceptación da subvención, de conformidade co artigo 18.1 apartado j) dos seus Estatutos

b) Certificación de non incorrer en causas de incapacidade ou incompatibilidade

c) Certificado da Consellería do Mar da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro acreditativa da representación que ostenta o asinante.

Na súa virtude, as partes coa representación que ostentan deciden subscribir o presente Convenio de colaboración con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente Convenio é regula-la colaboración entre o Concello de Vilaboa e a Confraría de Pescadores Pedra da Oliveira e deste xeito potenciar a competitividade e fomentar os produtos marisqueiros, de conformidade coas competencias propias do Concello e os fins que caracteriza á Confraría de Pescadores Pedra da Oliveira

SEGUNDA.- O Concello de Vilaboa se compromete a aportar unha subvención de 10000 € con cargo a partida 2024.4100.48000 do Orzamento Xeral do ano 2024, para a realización das actuacións contidas no presente convenio e que son :

-- cultivo da ameixa .

TERCEIRA.- A Confraría de Pescadores Pedra da Oliveira comprométese a:

Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poda facer o Concello, así como calquera outra comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información sexa requirida no exercicio de súas actuacións.

Na publicidade destes actos se fará constar que nestas actividades colabora o Concello de Vilaboa.

CUARTA.- O libramento da axuda será efectuado unha vez acreditada a realización da actividade subvencionada, debendo presentar os seguintes documentos:

a) Unha Memoria detallada das actividades e os gastos realizados o ano 2024. A desagregación do presuposto total da actividade haberá de ser detallado na súa totalidade, incluídos todos os gastos.

b) Certificación ou informe de Asistente técnico da Confraría de Pescadores Pedra

da Oliveira relativa a que as actuacións que figuren nas facturas xustificativas da subvención foron executadas durante o ano 2024

c) Orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas relacionadas coas actuacións subvencionadas a nome da Confraría de Pescadores Pedra da Oliveira e que serán presentadas nas oficinas do Concello.

d) Certificacións de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (co Concello, O.R.A.L., A.E.A.T., Facenda da Xunta de Galicia e fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social).

e) Certificado relativa as subvencións percibidas ou solicitadas ante outras Administracións Públicas ou Privadas para o mesmo fin deste Convenio, e que non superen o 100% da actividade ou pola contra de non haber percibido nin solicitado ningunha subvención pública ou privada para o mesmo fin.

f) Acreditación do gasto realizado, e dicir, que foi efectivamente pagado .

O pago farase mediante transferencia bancaria, esta xustificarase coa copia do resgardo do cargo da mesma, debendo figurar no concepto da transferencia o número de factura ou en defecto desta, o concepto aboado.

O prazo de xustificación rematará o día 16 de decembro de 2024. De non xustificarse antes de dita data perderase o dereito á esixila.

Á vista da documentación xustificativa presentada, o Sr. Alcalde estimará o cumprimento das actividades subvencionadas, e procederá , no seu caso, o recoñecemento e pago da mesma.

QUINTA.- Os beneficiarios quedan sometidos á responsabilidade e ó réxime sancionador establecido no artigo 40 da Lei 39/88, de 28 de decembro así como no Titulo IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

SEXTA.- O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse.

SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.

OITAVA.- A vixencia do presente Convenio será dende o día da súa sinatura ata o 31/12/2024.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións.

NOVENA .- En todo o non previsto rexerase pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En proba de conformidade asinan o presente Convenio, que se extende por duplicado, no lugar e data indicados

O alcalde

A patroa maior

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE